



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA
DO CONSELLO SOCIAL DO 22.06.2023**

LUGAR: Sala II do edificio Miralles, Campus de Vigo

DATA: 22.06.2023

HORA DE COMEZO: 10:30 h.

HORA DE REMATE: 13:15 h.

Asistentes:

Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel (presidente)

Lesmes Romero, Yolanda

Fernández Zunzunegui, Emilio

Graña Nogueiras, Jesús

Macho Senra, Antonio

Martiño Gómez, Antonio

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

Desculpan asistencia:

Sánchez Gándara, Rosa María



O xoves, día 22 de xuño de 2023, ás 10:30 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da ordedo día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (08.05.2023).
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, das contas anuais da Universidade de Vigo no exercicio 2022. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións.
4. Análise e valoración das contas anuais de 2022 e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI).
5. Análise e valoración das contas anuais de 2022 e do informe de auditoría de Cidade Universitaria, S.A. (CUSA).
6. Análise e valoración das contas anuais de 2022 e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica da Universidade de Vigo (CITEXVI).
7. Aprobación, se procede, da aceptación da doazón de material da empresa Centum Research & Technology, S.L., á Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo. (Consello de Goberno do 20 de xuño de 2023).
8. Aprobación, se procede, da aceptación da doazón de material da empresa Lonza Biologics Porriño, S.L., para o centro de investigación CINBIO. (Consello de Goberno do 20 de xuño de 2023).
9. Informe que proceda sobre o Decreto que fixa os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos no SUG para o curso 2023/2024.
10. Informe que proceda sobre a modificación de pagos máximos por coordinación para todos os títulos propios.
11. Aprobación, se procede, dos prezos para cursos de Extensión Universitaria 2023 a desenvolver nos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra.
12. Aprobación, se procede, dos prezos do Campus Camp 2023.
13. Incorporación de remanente para a realización do programa de investigación co Centro Ramón Piñeiro.
14. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en maio de 2023.
15. Rogos e preguntas.

Juan Manuel Vieites agradece a asistencia dos presentes, entre eles de Carmela Sánchez (vicexerente económica) e Mauricio García (Xefe de Sección de Contabilidade) que acompañan á xerente na presentación das contas de 2022.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (08.05.2023).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do Presidente.

Na liña de definir as atribucións e competencias do Consello Social en temas económicos, e ao fío das opinións expresadas e os argumentos expostos en anteriores reunións, o presidente dá conta da elaboración dun documento, remitido aos membros, no que se agrupan todas as disposicións e atribucións recollidas nas Normas de execución do orzamento da UVigo, os Estatutos da UVigo e o



Regulamento do Consello Social. Afirmar Juan Manuel Vieites que servirá de material de consulta e guía para a actividade da comisión, ao que se engade un calendario orientador de cumprimento de cada un dos cometidos. Subliña o presidente que non foi elaborado con ánimo fiscalizador senón colaborativo, para "mellorar o exercicio das nosas responsabilidades e garantir o seu mellor cumprimento".

Respecto da entrega do convenio para dar soporte á incorporación de remanente para financiar gastos con cargo a partida de I+D+i do Plan de financiamento do SUG, aprobada de xeito excepcional na sesión anterior á espera do documento, a xerente comunica que a previsión é formalizalo en setembro, comprometéndose a remitilo á comisión tan pronto estea asinado.

PUNTO 3

Aprobación, se procede, das contas anuais da Universidade de Vigo no exercicio 2022. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións.

A xerente principia amosando a evolución do orzamento e as modificacións no período de 2017 (177.738.147 € de orzamento definitivo) a 2022 (214.683.357 €, un 8,05% máis que a cifra inicialmente estimada). Salienta que as modificacións orzamentarias neste último exercicio crearon pola incorporación de remanentes dos proxectos de investigación e as xeracións de créditos pola consecución de fondos alleos. Sobre este exercicio afirma que presenta unha boa execución, e que reflicte a consecución dunha estabilidade orzamentaria suficiente para garantir a actividade da UVigo. Subliña que o resultado orzamentario acada a cifra de +12.980.460 €, +12.031.854 € ao engadirse os axustes.

Expón de seguido a comparativa dos ingresos e gastos, por capítulos, entre 2021 e 2022; o remanente de Tesouraría entre ambos exercicios, no que destaca algúns datos e as correccións feitas; o balance de situación, que amosa a solidez da posición da universidade detallado nos indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios; estado de fluxos de efectivo, con un peche superior ao de 2021; e a conta do resultado económico-patrimonial, en positivo.

Yolanda Lesmes explica cal é o proceso de formulación e aprobación da conta que se está a seguir ata ser remitida á Xunta de Galicia, e resume o informe de auditoría que inclúe unha condición relacionada co inmovilizado material, ante a inexistencia dun rexistro actualizado dos elementos que compoñen o epígrafe "Outro inmovilizado material" do balance de situación.

Refire o secretario que os problemas co inventario veñen xa de antigo, consonte recollen as auditorías dende 2010, e que as sucesivas xerencias tomaron medidas en algún caso que non conseguiron resolver o problema. Yolanda Lesmes sinala que se terán en conta as recomendacións do auditor, e anuncia que xa a finais de maio impartíronse instrucións para actualizar datos, estando previsto para o segundo trimestre a execución dun contrato para poñer ao día o inmovilizado e dar traslado da información a Contabilidade. O secretario lembra que a comisión acordou encargar unha auditoría operativa sobre esta materia, e os resultados serán entregados nunha próxima sesión.

Dentro da rolda de intervencións, o presidente pide aclaracións sobre as cifras de outras contas a pagar e de acredores por operación de xestión AAP, que sumadas reducirían significativamente o incremento de tesouraría líquida. Tamén pregunta polos ingresos pendentes de imputar (5,2 M €,) e pregunta a que corresponden e se se van a localizar; e polas medidas que se están a tomar fronte a morosidade (algo máis de dous millóns que se dan por créditos incobrables consonte a memoria, e facturas pendentes de cobro xa vencidas por actividades amparadas no artigo 83 da LOU, por importe de 1.032.759 €). Aclara a xerente que no primeiro caso débese a erros na imputación de partidas no exercicio anterior que non se reproducirán no futuro; no segundo, son transferencias do Goberno central en decembro por equipamentos feitos en 2018 para os que a UVigo adiantou o diñeiro; e no terceiro explica que nalgúns casos trátase de administracións públicas, e noutros se traballa en identificar aos debedores para acudir á vía de constrinximento.

A xerente e Mauricio García responden a distintas cuestións expostas por Emilio F. Zunzunegui e Antonio Martiño. Jesús Graña observa que algúns apartados do memorando de recomendacións se repiten ano tras ano, como é o caso da relación coa FEUGA pese a ser inexistente na actualidade. Pregúntase se se trata de que o equipo de goberno non fixo nada neste asunto durante estes últimos



anos ou se os auditores non actualizan o traballo. O secretario manifesta que fará xestións para aclarar este asunto.

A proposta do presidente, os asistentes conveñen en elevar ao pleno a proposta de aprobar as contas de acordo co recollido no informe de auditoría.

- ***Acórdase elevar informe favorable consonte ao expresado no informe de auditoría.***

(Carmela Sánchez e Mauricio García abandonan a sesión neste intre, no que o presidente e o secretario agradécenlles a asistencia)

PUNTO 4

Análise e valoración das contas anuais de 2022 e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI).

Dá conta a xerente de que presenta un resultado positivo, se ben menor que no anterior exercicio, no que ademais dunha redución de ingresos e do incremento dos gastos de persoal tivo elevada influencia unha sentenza relacionada con demandas laborais. Recoñece que -pese a non ser deficitaria- precisa dun impulso. Informa dun plan de actuacións para intentar que se recupere a nivel prepandemia. Juan Manuel Vieites suxire un maior control da situación laboral.

- ***Infórmase favorablemente consonte ao expresado no informe de auditoría.***

PUNTO 5

Análise e valoración das contas anuais de 2022 e do informe de auditoría de Cidade Universitaria, S.A. (CUSA).

Incrementou perdas debido a caída da facturación e ao incremento dos gastos polo encarecemento das subministracións. Segue a ser unha perda contable porque as amortizacións son superiores ao resultado negativo polo que non hai saída de liquidez. Segundo indica o auditor no seu informe, dado que o patrimonio neto está por debaixo do 2/3 do capital social, a sociedade debe reducir capital en 2023 para cumprir coa normativa mercantil vixente. A xerente resume que é claramente deficitaria e un problema que precisa actuar polo que se expoñen medidas a corto prazo para corrixir a situación.

- ***Infórmase favorablemente consonte ao expresado no informe de auditoría.***

PUNTO 6

Análise e valoración das contas anuais de 2022 e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica da Universidade de Vigo (CITEXVI).

Obsérvase que creceu levemente a facturación e contívéronse os gastos, cun resultado negativo pero mellor que o de 2021. O resultado ven derivado da dotación da amortizacións dos activos fixos, que ao imputalos ao exercicio ocasionan esta perda contable que non de actividade económica. A xerente afirma que esta actividade económica non presenta problemas.

- ***Infórmase favorablemente consonte ao expresado no informe de auditoría.***

PUNTO 7

Aprobación, se procede, da aceptación da doazón de material da empresa Centum Research & Technology, S.L., á Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo. (Consello de Goberno do 20 de xuño de 2023).

A xerente describe o material e as vantaxes que reportará á Escola de Enxeñaría de Telecomunicación a disposición dos equipos, que teñen un custe estimado de 67.313,70 €.

- ***Apróbase para elevación ao Pleno.***



PUNTO 8

Aprobación, se procede, da aceptación da doazón de material da empresa Lonza Biologics Porriño, S.L., para o centro de investigación CINBIO. (Consello de Goberno do 20 de xuño de 2023).

Novamente Yolanda Lesmes explica as características dos equipos doados e as aplicacións que terán no centro de investigación CINBIO. A Valoración económica da doazón ascende a 20.000 €.

- ***Apróbase para elevación ao Pleno.***

PUNTO 9

Informe que proceda sobre o Decreto que fixa os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos no SUG para o curso 2023/2024.

Expoñen os membros reflexións e diferentes puntos de vista sobre distintos aspectos da lei, maiormente vencellados ao impacto do gasto, tendo en conta que o aforro ás familias nos trece anos de conxelación das taxas se estima en 230M€, e que o vindeiro curso lles evitará gastar outros 16 millóns.

- ***Infórmase favorablemente.***

PUNTO 10

Informe que proceda sobre a modificación de pagos máximos por coordinación para todos os títulos propios.

A proposta da Comisión de Estudos Propios preséntase esta nova proposta para substituír o acordo aprobado en Consello de Goberno de outubro de 2021, por considerar que a carga de traballo de coordinación está máis relacionada coa carga en ECTS do título e número de participantes que coa tipoloxía do título e si.

- ***Infórmase favorablemente.***

PUNTO 11

Aprobación, se procede, dos prezos para cursos de Extensión Universitaria 2023 a desenvolver nos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra.

Neste punto tómanse como referencia as bases que regulan a convocatoria de axudas para organizar este tipo de cursos, e as propostas feitas dende cada un dos Campus (Vigo, 5; Pontevedra, 4; Ourense, 7) e canalizadas a través da Vicerreitoría de Extensión Universitaria.

- ***Apróbanse os prezos.***

PUNTO 12

Aprobación, se procede, dos prezos do Campus Camp 2023.

As inscricións manteñen os prezos e as deducións de 2022, dende 8 € por menor e día ata 160 € por toda a tempada, (dende o 22 de xuño ata o comezo do curso de primaria, excluíndo o mes de agosto).

- ***Apróbanse os prezos.***

PUNTO 13

Incorporación de remanente para a realización do programa de investigación co Centro Ramón Piñeiro.

Declara e argumenta a xerente as circunstancias nas que se desenvolve a petición, coa que Jesús Graña amosa a súa desconformidade polo xeito en que se tramita.

- ***Apróbase por asentimento.***



PUNTO 14

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en maio de 2023.

Sobre os convenios económicos, Jesús Graña considera que na súa maioría son contratos polo que reclama que se acompañen dos informes da área xurídica e a de control interno. A xerente resposta que ese aval xa llo aportan os servizos da Xunta.

- ***A comisión dáse por informada.***

PUNTO 15

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:15 horas do 22 de xuño de 2023, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,

O secretario,

Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa

Ignacio Rodríguez Iglesias